



## Índice

1. Introducción e contextualización
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
4. Concreción de obxectivos por curso.
5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
  - Temporalización
  - Grao mínimo de consecución para superar a materia
6. Procedementos e instrumentos de avaliación.
7. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.
8. Concrecións metodolóxicas que require a materia.
9. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
11. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.
12. Medidas de atención á diversidade.
13. Concreción dos elementos transversais en cada curso:
  - Tratamento e fomento da lectura.
  - Tratamento e fomento das TIC.
  - Contribución ao Plan de Convivencia.
  - Programación en educación en valores.
14. Actividades complementarias e extraescolares do departamento.
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

ANEXO I. Táboas cos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

- Ciencias Naturais.
- Ciencias Sociais.
- Lingua Castelá.
- Lingua Galega.
- Matemáticas.

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A seguinte programación está dirixida ó alumnado de 5º de Educación Primaria do CEIP PLURILINGÜE MANUEL BERMÚDEZ COUSO (A POBRA DE TRIVES - Ourense) e será o referente común do que partirán todas as programacións de aula e a práctica educativa. Esta programación parte dos preceptos establecidos a nivel estatal na *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa* (LOMCE) que modifica a *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación* (LOE) e o *Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria*. Ademais a nivel autonómico no *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Neste documento establécense as competencias clave e os obxectivos a alcanzar, os contidos a traballar e os criterios a avaliar en cada unha das áreas do Currículo de primaria. Ademais establécense de xeito xeral os principios metodolóxicos as medidas de atención á diversidade, os temas transversais e as actividades complementarias e extraescolares previstas.

O centro atópase no municipio de A Pobra de Trives, zona rural do interior de Galicia. É un centro educativo que escolariza nenos e nenas de Educación Infantil e de Educación Primaria. Distribuídas da seguinte maneira: 3 unidades de Educación Infantil e 6 Unidades de Educación Primaria.

O número de alumnos de 5ºA é de 10( 5 nenas e 5 nenos). O grupo, tendo en conta a avaliación inicial que se fixo durante o mes de setembro, componse de nenos/as con diferentes ritmos de traballo e algúns con dificultades para afrontar as tarefas con éxito . Por este motivo, a disposición habitual da clase debería ser en grupos de traballo para potenciar tanto o traballo individual como a axuda mutua mais debido a situación só se

poderá facer en determinadas ocasións . Ademais traballaremos en gran medida a organización do traballo, elaboración de resumos, mapas conceptuais, ideas principais... para facilitar o estudo e a comprensión e que, posteriormente, nos sirva para aplicar nas tarefas e actividades. Un aspecto clave será a colaboración coas familias.

Para a atención á diversidade conto coa axuda da especialista de PT e de AL, tamén conto coa mestra do programa ARCO que reforzará o traballo de dúas alumnas e un alumno .

No tocante aos aspectos organizativos mencionar que os mestres que imparten clases no grupo son:

**Titora:** M<sup>a</sup> Luz González Carballo

**Plástica:** Ana Rodríguez Dosouto

**Música:** Ana Rodríguez Dosouto

**Relixión:** Amador Ares Ares

**Inglés:** María Pérez Álvarez

**Educación Física:** José Sánchez Pico

**P.T.:** María Blanco Rodríguez

**Orientadora:** Raquel Pérez Rodríguez

**AL:** Montserrat Méndez Pérez

**Mestra programa Arco:**Noelia Fernández Castro

Con respecto á coordinación docente é fundamental mencionar os órganos de coordinación docente: equipos de nivel e cada titor co resto de especialistas que comparten docencia na súa aula, equipo de dinamización da lingua galega, comisión de coordinación pedagóxica, equipo de actividades complementarias e extraescolares e equipo de biblioteca.

As tutorías coas familias son todos os luns de 16:15 a 17:15.

## **2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

Son sete e desde todas as áreas traballarase para contribuír a súa consecución:

**Comunicación lingüística (CCL):** é a habilidade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos e feitos de xeito oral e escrito (escoitar, falar, ler e escribir) e para interactuar lingüisticamente en todos os contextos.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):**

- A competencia matemática é a habilidade para desenvolver e aplicar o razoamento matemático, co fin de resolver problemas en situacións cotiás.
- A competencia científica é a capacidade de empregar os coñecementos e a metodoloxía para explicar a natureza, e así extraer conclusións baseadas en probas.

**Competencia dixital (CD):** implica un uso seguro e crítico das tecnoloxías da sociedade da información para o traballo, o ocio e a comunicación.

**Aprender a aprender (CAA):** é a habilidade para iniciar a aprendizaxe, persistir nela e organizala, xestionando o tempo e a información eficazmente, individualmente ou en grupos. Significa adquirir, procesar, e asimilar novos coñecementos e capacidades, apoiándose en experiencias anteriores. A motivación e confianza son fundamentais.

**Competencias sociais e cívicas (CSC):** preparan as persoas para participar de xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional. Inciden na resolución de conflitos.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** é a habilidade para transformar as ideas en actos. Está relacionada coa creatividade, a innovación, a asunción de riscos e a planificación de proxectos para conseguir obxectivos.

**Conciencia e expresión culturais (CCEC):** é a apreciación da expresión creativa de ideas, experiencias e emocións a través de distintos medios, como a música, as artes escénicas, a literatura e as artes plásticas.

### **3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

Os criterios de avaliación deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área ou materia. Estes criterios de avaliación descompóñense en estándares de aprendizaxe avaliáveis. Para valorar o desenvolvemento competencial do alumnado, serán estes estándares de aprendizaxe avaliáveis, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao poñerse en relación coas competencias clave, permitirán graduar o rendemento o desempeño alcanzado en cada unha delas.

O conxunto de estándares de aprendizaxe avaliáveis dunha área ou materia determinada dará lugar ao seu perfil de área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliáveis póñense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia.

Todas as áreas e materias deben contribuír ao desenvolvemento competencial. O conxunto de estándares de aprendizaxe avaliáveis das diferentes áreas ou materias que se relacionan cunha mesma competencia da lugar ao perfil desa competencia (perfil de competencia). A elaboración deste perfil facilitará a avaliación competencial do alumnado.

Nas táboas do ANEXO I aparece a relación de contidos, criterios e estándares coas competencias para cada área.

#### **4. Concreción de obxectivos por curso.**

Os obxectivos establecen as capacidades que os alumnos/as deben conseguir ao finalizar o proceso educativo. Por iso a educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.



- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:**

### **- Temporalización**

A organización do tempo contéplase desde dúas perspectivas claramente diferenciadas: a confección dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, acorde coa súa óptima temporalización, e a elaboración dun horario de actividade docente, no que se contemplan as restantes actividades organizativas do centro. En consecuencia, teremos en conta as horas de dedicación ao traballo nas distintas áreas, primando neste curso, polo peso que conlevan as linguas e as matemáticas, no tocante ao horario cos alumn@s e nas horas de dedicación ao traballo docente:

- ✓ Coordinación de niveis.: Dinamización, CCP e complementarias e extraescolares.
- ✓ Atención a pais/nais.
- ✓ Acción titorial.
- ✓ Os grupos de traballo : Plambe e plan de convivencia e dinamización.

Os tempos de traballo cos diferentes bloques de contidos e a consecución das competencias estímase de forma orientativa na seguinte táboa pero sempre tendo en conta as variacións que poden xurdir polas características do grupo de alumnos/as, medios cos que contamos e proxectos en desenvolvemento neste curso.

	C. SOCIAIS	C. NATUREZA	MATEMÁTICAS	LENGUA	LINGUA
	Tema 1	Tema 1	Tema 1	Tema 1	Tema 1
1º	Tema 2	Tema 2	Tema 2	Tema 2	Tema 2
TRIMESTRE	Tema 3	Tema 3	Tema 3	Tema 3	Tema 3
		Tema 4	Tema 4	Tema 4	Tema 4
	Tema 4	Tema 5	Tema 5	Tema 5	Tema 5
2º	Tema 5	Tema 6	Tema 6	Tema 6	Tema 6
TRIMESTRE	Tema 6	Tema 7	Tema 7	Tema 7	Tema 7
		Tema 8	Tema 8	Tema 8	Tema 8
	Tema 7	Tema 9	Tema 9	Tema 9	Tema 9
3º	Tema 8	Tema 10	Tema 10	Tema 10	Tema 10
TRIMESTRE	Tema 9	Tema 11	Tema 11	Tema 11	Tema 11
		Tema 12	Tema 12	Tema 12	Tema 12

### - Grao mínimo de consecución para superar a materia

Os estándares de aprendizaxe básicos ou esenciais suporán o 50% da cualificación do alumnado na materia.

### 6. Procedementos e instrumentos de avaliación.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

A avaliación será **continua**, xa que estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen,

analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que lle permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo. Os mestres recollerán información de maneira permanente acerca do proceso de ensinanza e aprendizaxe dos alumnos, para adoptar as decisións pertinentes acerca das técnicas e instrumentos de avaliación que consideren mais adecuados, e formular os xuízos oportunos acerca do aprendizaxe do alumnado.

Cunha periodicidade trimestral, eu como titora elaborarei un informe de avaliación individualizado de cada alumno/a para informar aos pais ou titores legais da situación do alumno/a no momento en que se emite o informe, respecto a consecución dos obxectivos establecidos e dos progresos e dificultades que se encontra ao respecto.

Accederase ao curso seguinte sempre que se considere que alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias. Promocionara, así mesmo, sempre que os aprendizaxes non adquiridos non impidan seguir con aproveitamento o curso posterior. Neste caso, aplicaranse as medidas de apoio educativo necesarias para alcanzar ditos aprendizaxes. Cando non se cumpran as condicións sinaladas, o alumno/a permanecerá un ano mais no mesmo. Esta medida poderase adoptar unha soa vez ao longo da Educación Primaria, debendo o mestre titor deseñar un plan de recuperación dos aprendizaxes non adquiridos co fin de favorecer o desenvolvemento das competencias. Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeles.

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os instrumentos para avaliar que vou utilizar serán:

**Probas escritas:** Exames, ditados, controis diarios, fichas de repaso.

**Probas lectoras:** probas de velocidade lectora, lectura en voz alta e baixa, lectura compartida.

**Probas orais:** como Exposicións individuais e grupais, Dramatizacións, Presentacións, Contacontos, Faladoiros, Debates .

**Tarefas finais (competenciais):** conxunto de exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao contorno cotián. Nel requírese o manexo de diversas habilidades para resolver problemas en contornos relevantes de forma autónoma.

**Caderno de aula:** recolleremos información tamén de forma puntual a partir do caderno para valorar distintas actividades.

**Observación diaria:** valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables

## 7. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

**Os criterios de cualificación nas áreas serán os seguintes:**

AVALIABLE	VALORACIÓN	PROCEDEMENTOS
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas nas unidades didácticas. Realización do traballo na aula: Organización, presentación e responsabilidade nos seus cadernos e nas súas tarefas.	70%	Realización de probas escritas e orais ao finalizar cada unidade e ao final do trimestre.  Rúbricas de avaliación. Caderno de actividades na aula. Rexistro de organización e presentación do seu traballo Rexistro de presentacións e exposicións orais individuais .

Realización das tarefas na casa:		
Deberes diarios. Traballos específicos. Iniciativa no seu traballo individual.	10%	Rexistro de entrega de deberes. Puntuación de corrección dos deberes. Elaboración e presentación dos mesmos. Rexistro de entrega de tarefas realizadas por propia iniciativa.
Valoración de actitudes na aula:		
Escoita Participación Esforzo Colaboración Normas Respecto	20%	Rexistro de participación. Rexistro de actitude na aula. Rexistro de valoración dos compañeiros. Rexistro de participación en exposicións orais grupais.

Con respecto as tarefas escolares, segundo se recolle na PXA, enviaranse tarefas non rematadas nas sesións diarias de aula co obxectivo de dar continuidade ó traballo programado para cada un dos temas e para que os pais e nais sexan conscientes do progreso e/ou dificultade do seu fillo/a no proceso de ensinanza- aprendizaxe.

**CRITERIOS DE PROMOCIÓN.** Estes criterios estarán adaptados a situación COVID o longo do ano

- ✓ Promocionará o alumnado que alcanzou o desenvolvemento axeitado das competencias clave, estándares de aprendizaxe e un axeitado grao de madurez para a súa idade. O alumnado que permaneceu un ano máis na etapa, con excepcións en caso de ser necesaria unha flexibilización da Etapa. O alumnado que supere as materias instrumentais (LG, LC, LI e Matemáticas) admitindo a non superación de tres materias restantes. O alumnado que tan só suspenda dúas Linguas non admitindo unha terceira materia sen superar.
  
- ✓ Non Promocionará o alumnado que non supere unha Lingua (Galega, Castelá e Inglesa) e Matemáticas. O alumnado que presente máis de tres materias suspensas. O alumnado que non supere as tres Linguas.

Ademais téñense en conta os seguintes criterios para toda a primaria:

Antes de que un alumno/a repita nivel tomaranse outras medidas extraordinarias como: apoio por profesor de PT e Adaptacións Curriculares.

Terase en conta o ámbito de socialización , a interacción no grupo , e os medios e condicións que reúne o centro á hora de decidir a promoción ou non promoción do alumno/a.

O proceso de avaliación non acaba no alumnado, a práctica docente tamén debe de ser avaliada.

### **8. Concrecións metodolóxicas que require a materia.**

A incorporación das **competencias clave** no currículo da educación primaria require reconsiderar a práctica educativa para permitirlle ao alumnado integrar as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos (conceptos, destrezas e

actitudes), usar eses contidos con efectividade cando cumpra e apicalos a situacións e contextos variados. Consecuentemente, a práctica educativa debe:

- \* Salientar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles e seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias; os contidos esenciais deberán ser considerados e analizados desde a óptica da utilidade para formar cidadás e cidadáns cos perfís necesarios para moverse con adecuación, responsabilidade e liberdade no mundo actual.

- \* Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización e centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos diferentes e diversificados e conseguindo que as nenas e os nenos desenvolvan diversos xeitos de actuación e adquiren a capacidade de enfrontarse a situacións novas.

- \* Procurar que o alumnado aprenda a aprender (participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo).

- \* Favorecer o traballo cooperativo e a práctica vivenciada da participación, compromiso democrático e resolución pacífica de conflitos.

- \* Permitirlle ao alumnado moverse con seguridade entre a superabundancia e rápida renovación da información, fomentando habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.

Todo isto permite inferir certos principios, estratexias metodolóxicas, fórmulas organizativas:



\* Na educación primaria deberán utilizarse dúas estratexias metodolóxicas básicas: o desenvolvemento en espiral e a globalización.

\* A metodoloxía proposta, que será global, será activa, entendendo por tal tanto a actividade mental coma física que potencie a construción de aprendizaxes significativas.

\* A autorregulación das aprendizaxes por parte do alumnado forma parte fundamental das prácticas educativas actuais.

\* Os modelos de ensino-aprendizaxe deben atender á diversidade do alumnado, tanto na práctica docente coma na selección de contidos.

\* A aprendizaxe é un proceso interactivo no cal cómpre a participación activa e dinámica das nenas e dos nenos, que achegarán as súas habilidades, destrezas, actitudes, conceptos, intereses, xunto ás do resto de compañeiras e compañeiros, nun ambiente de cooperación.

\* Por conseguinte, o alumnado reorganizará os seus coñecementos, coa axuda do grupo, á luz da nova información.

Cómpre utilizar, pois, na escola, métodos que lles permitan aos rapaces e ás rapazas identificar a necesidade de información, localizala, seleccionala e recoñecer as fontes e os recursos máis apropiados, así como responsabilizarse do seu uso ético e adecuado. Son precisos enfoques didácticos que lle permitan ao alumnado utilizar cada vez máis autonomamente as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe. No desenvolvemento da autonomía na aprendizaxe inflúen aspectos como que o

alumnado encuentre sentido ao traballo que debe realizar, o coñecemento dos obxectivos e finalidades que se pretenden acadar, a consciencia dos propios erros e a busca de recursos necesarios para superalos.

Neste proceso o rol do profesorado é moi importante: actúa como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes; utiliza contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando o interese e a utilidade do que aprende, de maneira que poidan transcender do contexto en que se produciron e ser aplicadas a contextos múltiples; crea un contorno seguro e un ambiente motivador.

## **PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS XERAIS**

O proceso de ensinanza e aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- \* Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- \* Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- \* Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas en por eles.
- \* Favorecer situacións nas que os alumnos deben actualizar os seus coñecementos.
- \* Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido e motivadoras para os alumnos.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

### **Metodoloxía activa.**

Supón atender dous aspectos intimamente relacionados:

- \* Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e na configuración das aprendizaxes.

- \* Participación no deseño e no desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

### **Motivación.**

Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

### **Autonomía na aprendizaxe.**

Como consecuencia dos dous puntos anteriores, a metodoloxía favorece a maior participación dos alumnos. Concrétase nos seguintes aspectos:

- \* A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- \* A gradación das actividades, a xerarquización varía segundo a natureza de cada programa, e aparecen en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.
- \* A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos que son obxecto de estudo e unha revisión final.
- \* Programación cíclica, perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa; e unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.

### **Atención á diversidade do alumnado.**

A nosa intervención educativa cos alumnos asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

### **Sensibilidade pola educación en valores.**

O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na

presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia...

### **Avaliación do proceso educativo.**

A avaliación concíbese dunha forma holística, é dicir, analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a achega de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

**TIPOS DE AGRUPAMENTOS.** Este curso debido a situación que estamos a vivir non haberá grupos de traballo

- ◆ **Traballo individual:** para favorecer a reflexión e a práctica sobre os diversos contidos de forma personalizada, afianzar conceptos, comprobar o nivel do alumnado, detectar dificultades, lecturas, observación, redacción...

### **Organización das sesións na miña aula**

A metodoloxía proposta parte da necesidade do establecemento de tres momentos temporais diferenciados dentro de cada sesión didáctica.

1. Fase de **activación:** orientada a captar a atención do alumno e que a través de distintas propostas se prepare para a aprendizaxe do contido correspondente.
2. Fase de **dinamización:** momento principal da sesión en que se produce a interacción entre alumno-alumno, alumno-profesor.
3. Fase de **reflexión:** vinculación entre o contido traballado e a realidade.

As **actividades que levarei a cabo en tódalas unidades didácticas** seguirán a orde que cito a continuación:

- ☐ De introdución/motivación/coñecementos previos: serven para saber as ideas previas sobre o tema e para motivar.

- ❑ De desenvolvemento: o alumno entra en contacto cos contidos, coas tarefas...  
Realizarán as fichas elaboradas para as unidades correspondentes.
- ❑ De consolidación: serven para afianzar e aplicar as aprendizaxes asimiladas.
- ❑ De reforzo: Para os alumnos con dificultades, que non asimilaron suficientemente os contidos.
- ❑ De ampliación: permiten seguir construíndo coñecementos ós alumnos que asimilaron os contidos de maneira satisfactoria.
- ❑ De avaliación: Aínda que calquera actividade é susceptible de ser avaliada, é conveniente seleccionar as actividades para avaliar as aprendizaxes logradas nun momento concreto.

Durante todo o curso contribuirei ao cumprimento dos obxectivos coeducativos que se abordan no **plan de igualdade**.

Un dos obxectivos que se persegue co alumnado mediante a metodoloxía empregada e que gañe en autonomía para desenvolverse en tódolos ámbitos da vida e que o faga dunha maneira igualitaria. Por esta razón, os grupos na aula serán mixtos e as responsabilidades repartidas sen distincións.

Reservaremos tempo diario para contar as nosas sensacións, sentimentos...é importante que o alumnado teña oportunidades para expresar como se sente durante os recreos, no traballo na clase, ao traballar en grupos... Intentaremos dar solución aos problemas que poidan xurdir entre todos e mostrando empatía para previr, detectar e intervir situacións prexudiciais.

Na clase tanto a linguaxe empregada como o reparto de tarefas será igualitario.

Traballarase co alumnado o respecto pola diversidade, transmitir que as diferenzas que existen entre as persoas son un valor positivo, que nos enriquece.

## **9. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.**

A continuación faremos referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

- Uso das TIC de xeito cotidiano. Ordenador é o noso medio de traballo, sen esquecer os textos impresos. Proxecto E-Dixgal
- Introducción a mecanografía como complemento a poder levar a cabo a realización de traballos nos seus portátiles.
- Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións.
- Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos.
- Materiais e recursos manipulativos.
- Uso das actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc.

## **10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

Atenderá os seguintes **criterios**:

- a) Organización e coordinación do equipo. Grao de definición. Distinción de responsabilidades.
- b) Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.
- c) Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos e alumnas, e entre os alumnos e alumnas e os profesores.

Procedementos e instrumentos para avaliar o proceso de ensinanza:

- Intercambios orais: entrevistas individuais con pais, profesores do nivel, alumnos.

- Reunións de nivel para revisión da programación.
- Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.
- Valoración dos recursos e da metodoloxía posta en práctica e a súa posible reformulación se fose o caso.

**Para Avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos valorarase aspectos tales como:**

- Os resultados das avaliacións e o porcentaxe do alumnado que supera os contidos da materia.
- Nivel de competencia alcanzado, vocabulario adquirido, destreza no uso de programas informáticos, uso da biblioteca...
  - Adecuación dos obxectivos propostos para a adquisición dos contidos.
  - Interese despertado nos alumnos/as durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
  - Grao de uso das estratexias e materiais en relación ás características do alumnado e do centro.
  - Programáronse as estratexias de reforzo e ampliación e introducíronse os mecanismos de corrección axeitados.
  - Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación en función dos obxectivos e contidos propostos.
  - Tívoise en conta a presenza da Educación en Valores.
  - Organización axeitada das actividades extraescolares e complementarias, e repercusión no alumnado.

**11. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.**

Durante aproximadamente o primeiro mes de cada curso escolar realizarase unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de

información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación, que incluíra a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

## **12. Medidas de atención á diversidade.**

Na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe, así como na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, os cales poderán ser tanto organizativos como curriculares. Para iso estableceranse mecanismos de reforzo, organizativos ou curriculares, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas poderanse considerar o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do mais ordinario ó mais extraordinario, das situacións mas normalizadoras ás menos normalizadoras.

As medidas de atención a diversidade adoptadas aparecen reflexadas no Plan de Atención a Diversidade.

Programaranse actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o precisen.

Contaremos sempre co apoio do equipo de Orientación seguindo as súas pautas e orientacións sobre as medidas a tomar nos diferentes casos.

No caso particular da miña aula , vou facer uso das subliñadas a continuación debido a , unha vez feita a avaliación inicial, as dificultades amosadas por algúns alumnos/as.

1. Os agrupamentos flexibles. E desdobramentos ocasionais cando sexa preciso adicarse a un grupo de nenos específico ou para a realización de determinados proxectos.



2. A realización de apoios, preferentemente dentro da aula, dirixidos á prevención de dificultades de aprendizaxe.

3.- O reforzo educativo, nas áreas e alumnado que se determine, por parte doutro profesor.

### **13. Concreción dos elementos transversais en cada curso:**

#### **- Tratamento e fomento da lectura.**

Un dos eixes da educación durante a aplicación e desenvolvemento da actual lexislación é o fomento da lectura. Para iso teño prevista actividades diarias , semanais ou trimestrais que fomenten dito interese:

- .- Lectura e posterior comprensión oral sobre un libro escollido da biblioteca de centro.
- .- Traballo con distintos tipos de texto: periodístico, poesía, prosa...
- .- Actividades de busca de información dos temas que nos ocupen nas distintas actividades.
- .- Fomento do uso da biblioteca como espazo de lecer.
- .- Animalos na medida que vaia sendo posible a invención e creación dos seus propios contos, narracións, historias, escenificacións. Ben de xeito oral ou ben de xeito escrito. E realización de contacontos cara os mais pequenos.
- .- Realización de carteis, murais, uso das tics
- .- Xogo lingüísticos como adiviñas, rimas e trabalinguas

#### **- Tratamento e fomento das TIC.**

**As Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Aulas E-dixgal.** As novas tecnoloxías están cada vez máis presentes na nosa sociedade e forman parte da nosa vida cotiá. e supón un valioso auxiliar para o ensino. A incorporación dos ordenadores individuais na aula contempla dúas vías de tratamento que deben ser complementarias:

.- Ofrecerlle ao alumnado coñecementos e destrezas básicas sobre a informática e o manexo dos elementos e programas do ordenador. O ordenador convértese, así, en obxecto de estudo en si mesmo.

.-Utilízase como recurso didáctico para aprender os diversos contidos que se van tratar, para presentar traballos de diferente índole e para buscar información. O seu libro de texto está no seu ordenador e tamén aprender a manexarse e a organizarse a partir das distintas posibilidades do sistema de aprendizaxe EDIXGAL.

### **- Contribución ao Plan de Convivencia.**

Partindo dos obxectivos fundamentais do Plan de Convivencia perseguimos:

- Fomentar un bo grao de convivencia no centro.
- Instaurar un sentimento de pertenza a un grupo, sentíndose todos ben acollidos e respectados.
- Resolver de maneira pacífica os conflitos utilizando o diálogo e tendo en conta as opinións dos demais.
- Vivir dun xeito pacífico tanto dentro como fora da escola.
- Adquirir actitudes de axuda cara os nosos compañeiros/as.

Preténdese que o alumnado adquira as competencias necesarias para lograr unhas relacións sans consigo mesmo , cos demais e co medio no que vive.

Traballamos xuntos na procura de conseguir nos alumnos/as do grupo e na comunidade educativa en xeral as competencias que nos axuden a vivir mellor en comunidade. O noso labor dirixirase a tres eidos fundamentais:

#### O coidado da persoa.

- Procurar que os alumnos/as se sintan ben acollidos e escoitados na procura dun saudable equilibrio emocional.

- Traballar constantemente a educación de valores facendo especial fincapé no benestar persoal que produce mostrar actitudes e aptitudes de axuda os nosos compañeiros/as.
- Desenvolver habilidades sociais para a resolución pacífica de conflitos. escoitar os compañeiros/as, dialogar e acudir os profesores/as para que medien nas riñas e nas discusións sen chegar a desconsideración ou violencia.
- Todos os días adicarase un curto espazo de tempo a falar sobre os aspectos que poideran afectar negativamente a unha boa convivencia nos grupos intentando chegar a solución e medidas de actuación na resolución de conflitos.
- Ter en conta as diferenzas e prestar especial atención á diversidade entendendo esta como un valor.
- Aportar ideas e esforzarse individualmente na procura do benestar emocional dos alumnos/as que amosen dificultades.

#### O coidado do entorno.

Tendo en conta que o centro é un lugar onde vivimos e compartimos cos demais merece o noso coidado e respecto. A nosa escola debe estar aberta o entorno, e as nosas aprendizaxes, actitudes e aptitudes deben ter unha continuidade fora da escola, na procura de conseguir persoas con competencias para coidar o medio e a nosa casa que é o noso planeta. A través do coidado da escola pensamos que podemos espertar nos alumnos/as sentimentos ecolóxicos e de respecto a vida na terra.

Así procuraremos ter un entorno físico agradable traballando normas de coidado, limpeza e convivencia.

- Coidar as nosas aulas e corredores: orde do material escolar e limpeza.
- Coidar o patio de recreo: mantelo limpo, cumprir as normas de uso e axudando a resolver conflitos.
- Coidar a biblioteca, os libros e os seus materiais.

- Coidar a aula de informática e os seus materiais.
- Coidar o resto das instalacións do colexio.
- Establecer canais de comunicación nas asembleas das aulas facendo sentir o colexio como algo propio e non como algo alleo que non nos pertence. A escola ten que ser concibida como un ben común que temos que respectar.
- Espertar nos alumnos/as un sentimento estético plástico valorando as actividades e traballos que persigan este obxectivo. Querendo un colexio cada vez máis bonito!

### O coidado das relacións.

-Coas familias:

- Establecendo reunións informativas coas familias.
- Establecendo entrevistas persoais con cada unha das familias.
- Establecendo lazos de colaboración e axuda mutua para acadar obxectivos de competencia social no alumnado.

-Cos compañeiros e o persoal do centro:

- Tenderase a unha comunicación fluída e coordinada no ciclo.
- tamén a unha boa comunicación con todas as persoas que integran a comunidade educativa.
- Destacar a importancia dunha labor titorial de calidade.
- Establecer unha normas que permitan unha boa convivencia na aula.
- Cumprir as normas establecidas no centro.
- Establecer canles de comunicación coas familias do alumnado.

O conseguir unas boas relación nos grupos axudará a acadar unha boa cohesión na comunidade educativa.

**- Programación en educación en valores.**

En liñas xerais pretendemos conseguir os seguintes obxectivos:

- 1) Desenvolver o xuízo moral a través da formación de capacidades que permitan reflexionar sobre os conflitos de valores que poidan presentarse e resolvelos adecuadamente.
- 2) Adquirir os coñecementos necesarios para poder xulgar criticamente.
- 3) Formar capacidades para facer coherente o xuízo e a acción moral.

Esta consecución farase a través dos seguintes temas transversais:

### **Educación para a paz**

Estimular o diálogo como principal vía para a resolución de conflitos entre persoas e grupos; facilitar o encontro entre persoas que teñan intereses non necesariamente coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, na liberdade, na democracia e na solidariedade.

### **Educación para a igualdade de ambos sexos**

Desterrar tratamentos discriminatorios entre as persoas en función do seu sexo.

### **Educación ambiental**

Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas do medio natural.

### **Educación para a saúde e a calidade de vida**

Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e do seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.

### **Educación sexual**

Apreciar os roles sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.

### **Educación viaria**

Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e beneficio da circulación viaria.

### **Educación do consumidor**

Proporcionar os instrumentos de análise e de crítica necesarios que permitan unha opinión e unha actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o exceso de consumo de produtos innecesarios.

### **Educación para o lecer**

Promover un emprego activo e creativo do tempo libre e a valoración de actividades culturais como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

### **Educación intercultural**

Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, de respecto e de participación cara ás demais culturas do contorno e tomar conciencia do amplo espazo de convivencia social que é Europa.

### **Educación para o desenvolvemento**

Promover actitudes que valoren adecuadamente o peso específico da educación como motor do desenvolvemento dos pobos.

### **Educación para os medios de comunicación**

Utilizar instrumentos de análise e de crítica necesarios para construír unha opinión propia, libre, xusta e democrática.

### **Educación moral e cívica**

Coñecer, valorar e respectar os Dereitos Humanos, como base da non discriminación, do entendemento e do progreso de todos os pobos e apreciar o diálogo como maneira de solucionar diferenzas.

## **14. Actividades complementarias e extraescolares do departamento.**

Estas actividades forman parte do Plan Xeral Anual de Centro e son xestionadas polo Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Organízanse actividades EXTRAESCOLARES apropiadas ós intereses dos alumnos/as do nivel.

Considéranse actividades complementarias as planificadas polos mestres que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto de actividades ordinarias da área, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización.

Proposta de actividades complementarias:

No primeiro trimestre: O día da biblioteca e presentación da mesma xa que son voluntarios nela, o Samaín, o Magosto, o día dos dereitos da infancia, o día contra a violencia de xénero... e todas cantas poidan xurdir.

No segundo trimestre, o día da paz, o entroido, o día da muller traballadora e o día do pai entre outros...

No terceiro trimestre, o día da nai, o día do libro, o día das letras galegas, saída programada para todo o colexio e festival de fin de curso entre outros.

Durante os distintos trimestres contribución ao proxecto do centro.

Ao longo do ano poderán xurdir actividades a engadir que serán consensuadas por todo o claustro e notificadas ao consello escolar se fora preciso.

Ademais participaremos nos concursos que consideremos por parte do equipo docente de interese para o alumnado.

### **15.Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.**

A fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso avaliaranse os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento en clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

A metaavaliación, no meu caso, tamén a realizo vendo se os meus alumnos alcanzaron os obxectivos establecidos grazas as miñas explicacións e recursos ou se polo contrario necesito facer cambios no proceso de ensinanza para conseguir mellores resultado.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE:**

No caso de que fora necesario suspender as clases presenciais, as principais canles de contacto co alumnado e as familias serán:

- Correo electrónico.
- Plataforma Edixgal.
- Aula virtual.
- Comunicación estreita a través do titor/a.
- Plataforma Falemos
- Plataforma webex

Na Páxina web do centro atoparase toda a información de interese.

ANEXO I. Táboas cos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

CIENCIAS DA NATUREZA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>1. OS SERES VIVOS</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Que é un ser vivo?</li> <li>• Función de nutrición</li> <li>• Función de relación</li> <li>• Función de reprodución</li> <li>• Os virus, no límite da vida</li> <li>• A célula</li> <li>• A célula animal</li> <li>• A célula vexetal</li> <li>• Como se constrúe a vida</li> <li>• Organismos unicelulares</li> <li>• Organismos pluricelulares</li> <li>• Células, tecidos, aparatos e sistemas</li> <li>• Os cinco reinos da natureza</li> <li>• Reino animal</li> <li>• Reino vexetal</li> <li>• Reino dos fungos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións.</li> <li>• B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.</li> <li>• CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.</li> <li>• CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCT</li> <li>• CCL</li> <li>• CMCT</li> <li>• CMCT</li> </ul>



- Reino monera
- Reino protista

## 2. AS PLANTAS

- Características das plantas
- As principais partes das plantas
- Tipos de plantas
- Nutrición das plantas
- Obtención de enerxía
- A reprodución sexual
- Partes da flor
- Proceso de reprodución sexual
- A reprodución das plantas sen flor
- Carriza
- Fentos
- A reprodución asexual
- Bulbos
- Tubérculos
- Rizomas
- Gallos
- Barbados
- A relación coa contorna
- Nastias
- Tropismos
- Relación co clima

- B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións.

- B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.

- CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.

- CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.

- CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.

- CMCT
- CCL

- CMCT

- CMCT

### 3. OS ANIMAIS VERTEBRADOS

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Características dos vertebrados</li> <li>• Os mamíferos</li> <li>• As aves</li> <li>• Os peixes</li> <li>• Os réptiles</li> <li>• Os anfibios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCT</li> <li>• CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCT</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCT</li> </ul>

#### 4. OS ANIMAIS INVERTEBRADOS

